

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CATASTRO MINEIRO E O DESENVOLVEMENTO DE DIVERSOS ESTUDOS DE ORDENACIÓN MINEIRA

En Santiago de Compostela, a 28 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, _____, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público mediante resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda (D.O.G. do 30 de abril de 1991).

E pola outra, _____, como Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, entidade domiciliada _____, segundo se desprende do Acta da Xunta Xeral Extraordinario para a elección de membros de Xunta Directiva, celebrada o día 21 de outubro de 2013 en Santiago de Compostela, e da Xunta Directiva para nomeamento de cargos da Cámara celebrada o día 30 de outubro de 2013 en A Coruña.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración, asumindo as responsabilidades orzamentarias e de todo tipo que de el se deriven.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de acordo ao establecido no Decreto 175/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientadas ao desenvolvemento, a innovación, ao incremento da competitividade e a internacionalización do sector mineiro.

SEGUNDO.- Que a Cámara Oficial Mineira de Galicia, corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a redacción de estudos e traballos e o establecemento e desempeño dos servizos que se estimen necesarios, útiles ou de proveito para os intereses xerais da minería.

TERCEIRO.- Que o 1 de marzo de 2010 a Consellería de Economía, Emprego e Industria asinou coa Cámara Oficial Mineira de Galicia un convenio de colaboración co obxecto do desenvolvemento do Rexistro Catastral Mineiro de Galicia, o actual Censo Catastral Mineiro, consistente na integración nunha única plataforma informática a información relativa aos

dereitos mineiros da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de facilitar o acceso ao público á información relativa dos devanditos dereitos de maneira áxil e eficiente e que serva de ferramenta de consulta.

Que segundo o artigo 9.2 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia, modificado pola Lei 2/2017, 8 febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, o Catastro Mineiro de Galicia se constitúe como información de apoio para a xestión interna e a definición da política mineira da Comunidade Autónoma, correspondendo a súa xestión a Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Que segundo a disposición adicional quinta da Lei 3/2008, de 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia, introducida pola Lei 2/2017, 8 febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación o Censo Catastral Mineiro de Galicia se constitúe no Catastro Mineiro ao que fai referencia o artigo 9 da mesma lei.

CUARTO.- Que o antedito sistema informático debe ser flexible e actualizable, permitindo a inclusión de información adicional que poda ser de interese para a ordenación e a planificación do sector mineiro de Galicia. A Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia consideran de especial interese o desenvolvemento das actuacións incluídas no presente convenio de colaboración co que manter en funcionamento e actualizada esta plataforma.

QUINTO.- Que a tal fin, na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, figura a aplicación orzamentaria 09.20.734A -781.3 para o desenvolvemento do presente Convenio.

En virtude do anteriormente exposto, acórdase a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia, conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do Censo Catastral Mineiro e a realización de estudos de ordenación mineira.

SEGUNDA.- XUSTIFICACIÓN DA DIFICULTADE DE CONVOCATORIA.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha Corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, que ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a redacción de estudos e traballos e o establecemento e desempeño dos servizos que se estimen necesarios, útiles ou de proveito para os intereses xerais da minaría.

Posto que corresponde a Cámara Oficial Mineira de Galicia a xestión do Catastro Mineiro de Galicia e é o único organismo representativo das empresas do sector mineiro en xeral,

oncorren circunstancias excepcionais que determinan a imposibilidade de promover a concorrencia pública, dada a finalidade e as características singulares das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, constando nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 a aplicación orzamentaria para o seu financiamento 09.20.734A-781.3 "Plans de labores, rexistro catastral, estudio", código de proxecto 2015 00267 Convenio coa Cámara Oficial Mineira de Galicia.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA.

1) Mantemento do Catastro Mineiro de Galicia

Para o mantemento do Catastro Mineiro é necesaria a realización dunha serie de actividades que garantan tanto o acceso público como a validez da información contida no mesmo:

1.A) Mantemento do sistema

O Catastro Mineiro naceu como ferramenta para facilitar a xestión, tramitación e implantación das actividades extractivas e na que os cidadáns dispoñan dun sistema de información de acceso público, libre e gratuíto. Isto esixe un plan de mantemento do sistema de informático, para o cal é necesario realizar unha serie de actuacións preventivas que aseguren o correcto funcionamento do sistema, así como unha rápida recuperación e restauración en caso de fallo:

- Estruturais:
 - o Licenzas de Software.
 - o Housing. Aloxamento do servidor.
 - o Mantemento paliativo do servidor: substitución de elementos en caso de avaría.
- Copias de seguridade periódicas:
 - o Copia de seguridade mensual da base de datos alfanúmerica.
 - o Copia de seguridade das capas de información georeferenciada.

1.B) Actualización da información contida no sistema.

O Catastro Mineiro contén unha serie de información cuxa validez reside de xeito importante na súa actualización:

- Actualización da información mineira (dereitos, explotacións e documentación ambientas destas): inclusión das novas solicitudes ou dereitos, así como a actualización do estado destes, a través da colaboración directa coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas:
 - o Coordinación coa Administración para a actualización e contraste dos datos contidos no Catastro Mineiro de xeito áxil, que permita que os datos se manteñan permanentemente actualizados e queden incorporados automaticamente dende a súa comunicación.
 - o Consultas as entidades mineiras (titulares e explotadores) para o contraste de datos. Así como as consultas sobre a publicación, dentro da parte restrinxida

do sistema, dos documentos acreditativos da situación administrativa dos dereitos e explotacións.

- Actualización da información adicional recollida nas diferentes capas do sistema informático a través da colaboración con distintos organismos: IGME, SITGA, IGN, MITYC, Confederacións Hidrográficas, Consellería de Medio Ambiente,...

Ademais desta actualización da información contida no sistema, formularase un programa de Actualización Evolutiva do sistema, mellorando a súa funcionalidade e incluíndo novos bloques de información se foran de interese para o sector.

Do mesmo xeito, a Cámara Oficial Mineira de Galicia quedará obrigada a ceder automaticamente á Administración Mineira aqueles datos e información que esta lle requira en relación co contido desta plataforma.

2) Realización de estudos de ordenación mineira.

Dentro de este concepto se inclúe a realización dos seguintes estudos:

- Normalización do Plan de Labores anual, co obxecto de determinar o modelo de datos, cara súa tramitación dixital. Dito modelo incluírá os campos de información que debería incluír, o seu formato, relación entre eles e con outros documentos.
- Proposta de regulamento do Catastro Mineiro de Galicia, co obxecto de establecer os procedementos de transferencia e comunicación de datos, ademais de regular o contido e acceso público a súa información.

Así mesmo a Cámara Oficial Mineira de Galicia deberá cumprir coas seguintes obrigas:

- A. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 15 de decembro de 2017.
- B. Comunicar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- C. Facer constancia expresa da colaboración da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e publicidade da actividade obxecto do convenio, difundíndoa de maneira adecuada e situándoa en lugar destacado e visible, de maneira suficientemente perceptible.
- D. Proceder ao reintegro, total ou parcial dos fondos percibidos e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- E. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- F. As obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Doutra banda, a Cámara Oficial Mineira de Galicia, mediante á sinatura do presente convenio:

- A. Declara responsablemente non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- B. Declara responsablemente que non ten solicitada nin concedida outras axudas das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para as mesmas actividades obxecto deste convenio.
- C. Autoriza á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria financiará os gastos que xeren as actividades obxecto do presente convenio aludidas na cláusula anterior, ata un máximo de SESENTA E TRES MIL EUROS (63.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.734A-781.3, dos orzamentos xerais da comunidade Autónoma para o ano 2017. O orzamento dos gastos por actividades é o seguinte:

PROGRAMAS ORDINARIOS	ORZAMENTO
Mantemento do Catastro Mineiro	50.000,00
Realización de estudos de ordenación mineira.	13.000,00
TOTAL CONVENIO 2017	63.000,00

Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á consellería, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente “addenda”, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación de subvención, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto do proxecto subvencionado coa limitación do 10 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida a un programa + un desvío producido como máximo (+10 %), sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características dos programas.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da

subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación do convenio.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables sempre que se acredite que son gastos directos da actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.
- b) Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

Serán subvencionables como gastos indirectos aqueles que non poidan vincularse directamente coa actividade subvencionada pero sen embargo sexan necesarios para levar a cabo a mesma. Se inclúen os costes xerais de estrutura que sen ser imputables a unha actividade concreta sexan necesarios para que a actividade se leve a cabo. Imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa,

deberán constar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia, co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder en consecuencia á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso á subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas, ata o 100% deles, asumindo expresamente o contido dos límites e deberes establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo da aplicación da disciplina da contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 b) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para ser poder adxudicador.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

SÉTIMA.- MODOS DE PAGAMENTO.

De acordo co artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o primeiro pagamento realizarase por un importe de TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS EUROS (31.500,00 €) unha vez asinado o convenio e o segundo pagamento polo importe restante, é dicir TRINTA E UN MIL CINCOCENTOS EUROS (31.500,00 €) unha vez xustificado o obxecto de convenio na forma e cos requisitos previstos na súa cláusula oitava, con cargo á aplicación orzamentaria recollida na cláusula cuarta.

En relación ao anticipo do pagamento, de acordo co establecido no artigo 67.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación co artigo 65.4.b), a Cámara Oficial Mineira de Galicia, ao considerarse entidade vinculada coa Xunta de Galicia, queda exonerado da constitución de garantía.

OITAVA.- INCOMPABILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

O financiamento das actuacións obxecto do presente convenio por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a menos que as posteriores axudas se destinen a unha ampliación ou mellora da actividade subvencionada e sen que en ningún caso se rebase o custo.

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN.

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio será o 15 de decembro de 2017. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 15 de decembro de 2017.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

B. Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa segundo o modelo recollido no Anexo I do presente convenio que inclúa o seguinte:

1.- Memoria xustificativa da actuación subvencionada asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado.

Especificará co máximo detalle as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución dos programas financiados que se imputen á subvención, conforme á desagregación orzamentaria establecida no Convenio.

Incluirase un informe sobre o impacto da axuda da cara á finalidade perseguida e dos indicadores considerados para o cumprimento dos obxectivos do convenio.

No seu caso, achegarase un exemplar dos estudos ou proxectos elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade

2.- Memoria Económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas por cada un dos traballos obxecto do convenio que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade. A relación de gastos figurarán por orde cronolóxica para cada tipo de programa (ademais do formato papel entregarase formato dixital –folla de cálculo- de acordo aos modelos establecidos no anexo).

- Detalle coas desviacións acaecidas na execución do proxecto respecto do orzamento aprobado.

3.- Informe dun auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.

O nomeamento do auditor farase por parte da Cámara Oficial Mineira de Galicia. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa ten a condición de gasto subvencionable.

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas Normas de Actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como as pautas establecidas no anexo II deste convenio.

O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou tanta información solicitoulle o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

Así mesmo incluírá resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

O informe deberá ser asinado por quen ou quen o realizase, con indicación da data de emisión.

C. Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.

D. Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e aportala cando sexa requirida polo órgano concedinte para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para as actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.

E. Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).

F. Declaración responsable do beneficiario das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados, declaración que incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do devandito artigo.

G. Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

H. Declaración responsable sobre a natureza, contía e criterios de repartición dos custes indirectos.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que a Cámara Oficial Mineira presentase a documentación solicitada, a Consellería de Economía, Emprego e Industria requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que conforme á Lei correspondan.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

DÉCIMA.- CONTROL.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

UNDÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia nomearán cada unha un representante para realizar o seguimento e control do establecido neste Convenio.

DUODÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE

As partes que interveñen comprométense a manter a confidencialidade de toda información facilitada entre elas e que teña o dito carácter.

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓN LABORAL COA CONSELLERÍA.

A subscrición do presente convenio non leva aparellada relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro de 2017. Consonte ao recollido na cláusula terceira apartado A), admitiranse actividades do presente convenio anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e en especial:

- a) A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- b) O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- c) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.
- d) O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- e) O acordo mutuo das partes.

DÉCIMO SEXTA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO E REINTEGRO DA AXUDA.

1. Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda ou, no seu caso, procederá o reintegro da mesma cos intereses correspondentes, nos supostos e termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2. O reintegro das axudas rexerase polo establecido no Título II da Lei de subvencións de Galicia e no Título V do Regulamento da devandita Lei.

3. Na gradación dos posibles incumprimentos que determinen a perda do dereito ao cobro ou o reintegro das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Cando o cumprimento polo beneficiario aproxímese de modo significativo ao cumprimento total e acredítese por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios de proporcionalidade:

1.º O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará a devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.

2.º A realización de gastos fora do prazo de execución, suporá a devolución das cantidades investidas fora de prazo.

3.º A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido na cláusula oitava do presente convenio, levará a devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

b) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos establecidos no presente convenio será causa de reintegro total da axuda.

DÉCIMO SÉTIMA.- NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria a interpretación, modificación, resolución e nulidade do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. Asemade, derivada da súa relación de entidade subvencionadora, correspóndelle tamén ao conselleiro a potestade de acordar o reintegro das cantidades percibidas. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade coa Lei reguladora de dita xurisdición.

DÉCIMO OITAVA.- SUPLETORIEDADE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, en virtude do establecido no seu artigo 4.1, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto normativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicárase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e demais normas de dereito administrativo.

DÉCIMO NOVENA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

VIXÉXIMA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade asínase por todas as partes, por triplicado exemplar, no lugar e data ó principio indicados.

Pola Consellería de Economía, Emprego e
Industria

Pola Cámara Oficial Mineira de Galicia

**ANEXO I MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS
FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN
ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E CÁMARA
OFICIAL MINEIRA DE GALICIA.**

D., presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia
con
CIF enderezo en
..... e beneficiaria do
Convenio de Colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria por un importe
de €, declara baixo a súa responsabilidade haber realizado un gasto por importe
de€ e, en cumprimento do disposto no artigo 11.b) e 28 da Lei de
Subvencións de Galicia, rindo ante dita Consellería conta xustificativa do gasto realizado
composto por unha Memoria de Actuación que se acompaña e unha Memoria Económica
abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña como os Cadros
1, 2 e 3 e Informe de Auditor.

En....., a de de 2017

CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS**Nome do beneficiario:****CIF do Beneficiario:****Nome do programa****Orzamento subvencionable**

REF.	Descrición do gasto (1)	Provedor	C.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (2) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
11										
13										
XX										
TOTAL PÁXINA										

NOTAS explicativas:**(1) Incluirase unha explicación clara e compresiva do gasto imputado****(2) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario****Asina representante legal e selo entidade beneficiaria**

CADRO 2: GASTOS DE PERSOAL**Nome do beneficiario:****CIF do Beneficiario:****Nome do programa****Orzamento subvencionable**

REF.	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (1)	Data de inicio (2)	Data Final (2)	Nº. total de horas anuais segundo ou contrato (3)	Salario Bruto (4)	Custo SS a cargo da empresa	Salario bruto + custo SS a cargo da empresa	Custo hora (5)	Nº. Horas imputadas ao programa	Custo total imputado ao programa (6)
1												
2												
3												
4												
5												
6												
7												
8												
9												
XX												
TOTAL												

NOTAS explicativas:

- (1) Indicar ou posto de traballo da persoa
- (2) Período de tempo dedicado polo persoal ao programa.
- (3) Horas anuais do empregado segundo ou contrato de traballo.
- (4) Total devengar (antes de ningunha dedución)
- (5) Salario Bruto + Seguridade Social a cargo do Beneficiario / nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano
- (6) Custo hora * Nº. horas imputadas ao programa

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria

CADRO 3: RELACIÓN DE GASTOS INDIRECTOS**Nome do beneficiario:****CIF do Beneficiario:****Nome do gasto:****Orzamento subvencionable**

REF.	Descrición do gasto (1)	Provedor	C.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (2) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										
15										
XX										
TOTAL										

NOTAS explicativas:

- (1) Incluirase unha explicación clara e compresiva do gasto imputado
(2) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Sinatura representante legal e selo entidade beneficiaria

ANEXO II: PAUTAS A SEGUIR POLO AUDITOR PARA A REALIZACIÓN DA REVISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA

1.- PROCEDEMENTOS.

O auditor debe aplicar os procedementos recollidos no artigo 3 do anexo da Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio. Resúmense a continuación:

1. Procedementos de carácter xeral:

- a) Comprensión das obrigas impostas ao beneficiario.
- b) Solicitud da conta xustificativa. Comprobación dos elementos da conta xustificativa, e da competencia da persoa que a subscribe para iso.
- c) Informe de auditoría e comunicación co auditor de contas. Se o auditor é diferente do que auditou as contas anuais da entidade, exame da devandita auditoría para coñecer se contén algunha excepción que puidese condicionar o traballo de revisión.

2. Procedementos específicos relativos á conta xustificativa:

- a) Revisión da Memoria de actuación, o auditor deberá analizar o contido de dita memoria e estar atento, ao longo do seu traballo, ante a posible falta de concordancia entre a información contida nesta memoria e os documentos que serviran de base para a realización da xustificación económica.

Igualmente, levará a cabo a comprobación da efectiva realización polo beneficiario das actividades subvencionadas para o que deberá proceder á verificación de soporte documental, á revisión de datos obxectivamente contrastables, á inspección física dos elementos tanxibles, ou outros, que, atendendo a o seu criterio profesional, estime necesarios.

- b) Revisión da Memoria económica abreviada.

- 1. Que a información económica contida na memoria está soportada por unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade subvencionada, con identificación do acredor e da factura, o seu importe, data de emisión e a data de pago.
- 2. Que a entidade dispón de documentos orixinais acreditativos dos gastos xustificandos e do seu pago e que devanditos documentos foron reflectidos nos rexistros contables.
- 3. Que os gastos e investimentos que integran a relación cumpren os requisitos para ter a consideración de gasto subvencionable, conforme ao establecido no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.

4. Que os custos indirectos se imputaron polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Ao responder a un sistema de repartición, o auditor solicitará do beneficiario unha declaración respecto da súa natureza, contía e criterios de repartición que se anexará ao informe. Sobre a base desta información avaliarase a adecuación desta imputación. Tamén se comprobará que o seu importe atópase desagregado adecuadamente na conta xustificativa.

5. Que a entidade dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do proveedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

6. Que se clasificaron correctamente, de acordo co contido do convenio, os gastos e investimentos na Memoria económica, especialmente naqueles casos en que o beneficiario se haxa comprometido a unha concreta distribución dos mesmos.

7. Que se solicitou do beneficiario unha declaración das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados. Dita declaración incluírá unha manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do devandito artigo. De non estar permitida a subcontratación, a declaración do beneficiario conterá unha manifestación de non atoparse incurso no incumprimento desta prohibición.

O auditor comprobará ao longo da súa revisión a concordancia da información contida nesta declaración, con obxecto de comprobar a súa concordancia co resto de información ou documentación utilizada polo auditor para a execución dos procedementos contemplados nesta norma.

8. Que se produce a necesaria coherencia entre os gastos e investimentos xustificadas e a natureza das actividades subvencionadas.

c) Solicitud ao beneficiario dunha declaración relativa ao financiamento da actividade subvencionada.

O auditor analizará a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a efectos de determinar a posible incompatibilidade e, no seu caso, o exceso de financiamento.

d) Revisión do certificado de taxación de bens inmoables, no seu caso.

e) Comprobación da carta de reintegro de remanentes, de selo caso.

f) Carta de manifestacións.

Ao termo do seu traballo o auditor solicitará á entidade beneficiaria unha carta, asinada pola persoa que subscribiu a conta xustificativa, na que se indicará que se informou ao auditor acerca de todas as circunstancias que poidan afectar á correcta percepción, aplicación e xustificación da subvención. Tamén se incluírán as manifestacións que sexan

relevantes e que sirvan de evidencia adicional ao auditor sobre os procedementos realizados.

g) Outros procedementos.

Ademais comprobará:

- a) O informe do auditor conterá un pronunciamento sobre a existencia dun sistema de contabilidade separada.
- b) O informe recollerá mención expresa sobre a comprobación da elixibilidade do IVE e de selo caso, a imputación do IVE de acordo coa porcentaxe resultante da declaración da prorrata do IVE (modelo 390).
- c) No caso de que ao beneficiario lle fose de aplicación a normativa en materia de contratación do Sector Público, o seu cumprimento.
- d) Execución por membros asociados ou vinculados. No caso de que os membros asociados ao beneficiario executen total ou parcialmente as actividades obxecto de convenio en nome e por conta deste e así estea establecido no convenio, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, o informe do auditor recollerá:
 - A verificación do cumprimento do establecido no artigo 28.8 da Lei de subvencións de Galicia.
 - Achegar á información económica da Memoria o conseguinte detalle de gastos e inversións nos que incorreron os membros asociados para levar a cabo a actividade subvencionada, co mesmo desglose e formato que se lle esixe ao beneficiario principal.

2.- ANALISIS DOS GASTOS

As comprobacións efectuaranse sobre o **100% dos gastos e pagos** incluídos na relación de gastos e pagos.

Consideraranse, á hora de realizar a análise, os **conceptos (custos directos e custos indirectos)**..

1. Aspectos a analizar:

- a) En canto ás facturas e outros documentos acreditativos do gasto:
 - Que as facturas e xustificantes de gasto cumpren os requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012 relativo ás obrigacións de facturación:
 - Que as datas de emisión estean incluídas no prazo de realización da actuación segundo o convenio de colaboración.

- Deberá comprobarse que o beneficiario procedeu ao estampillado de todas as facturas orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente que se inclúen na relación de gastos. O estampillado incluírá a porcentaxe de financiación da Xunta de Galicia.
- b) En canto aos pagos:
- Que os pagos están realizados dentro do prazo de xustificación establecido no convenio.
 - Non se admiten os pagamentos en efectivo.
 - Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un detalle dos pagamentos efectuados onde se poida identificar o documento de gasto en cuestión.
 - No caso de axudas concorrentes, que non existe duplicidade de facturas entre ambas as axudas. O beneficiario facilítase ao auditor ou sociedade de auditoría externa documentación para realizar a verificación.

2. **Tipos de custos subvencionables**

- a) Custos de bens e material inventariable.
- Que os bens e o material inventariable figuren no inventario, e, no seu caso, en rexistro público, a nome do beneficiario.
 - A existencia dos devanditos bens, que deben estar correctamente etiquetados para facer publicidade da súa adquisición con cargo á axuda.
- b) Custos de contratación laboral
- Que as persoas cuxo contrato se imputa estean contratadas polo beneficiario e vinculadas ou adscritas ao centro.
 - Que a xornada laboral anual imputada estea referida á que reflicte o Convenio Laboral vixente ou á normativa do beneficiario. No caso de dedicación parcial, a imputación debe corresponderse coa dedicación á actuación.
 - Que as datas de imputación deste gasto estean incluídas no período de execución da actuación. No caso de que a data de inicio do contrato sexa anterior ao devandito período, deberá quedar reflectido no mesmo o cambio de dedicación.
 - Que as persoas estean incluídas no TC2 da Seguridade Social do beneficiario ou As nóminas, e a súa coincidencia das cantidades imputadas.
 - Que a dedicación á actuación sexa demostrable (certificacións).

c) Viaxes e dietas

- Admitirán este tipo de gastos sempre que estea xustificado dentro da actuación e brevemente descrito polo beneficiario.
- No tocante aos gastos de viaxe (máximo dúas persoas) considerarase como gasto máximo por desprazamento, realizado a través de autobús, tren ou avión, o importe do billete. Os gastos máximos por aloxamento e manutención serán considerados nas contías establecidas para o persoal funcionario, no Anexo II, Grupo 2, do Decreto 144/2001, de 7 de xuño de indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia
- Estes gastos xustificaranse mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa:
 - Os gastos de aloxamento e manutención xustificaranse mediante o documento de liquidación de dietas, podendo utilizar o modelo que aparece no Anexo e debendo presentar a correspondente factura expedida polo establecemento hostaleiro ou pola axencia de viaxes. Non serán obxecto de subvención os gastos extraordinarios como os de teléfono, minibar, etc
 - Os gastos de desprazamento xustificaranse mediante documento de liquidación de dietas e gastos, detallado igualmente no Anexo, acompañado en todo caso dos correspondentes billetes e factura da Axencia de Viaxes.
 - No caso de que se utilizaron os servizos dunha axencia de viaxes, deberase presentar, ademais da factura da mesma (na que se especifique o número de persoas e días de estancia, así como os conceptos obxecto do gasto: transporte, aloxamento, etc.) as facturas individuais ou colectivas dos establecementos hostaleiros ou documento acreditativo da prestación do servizo, así como os títulos de transporte para o mesmo fin.
 - Cando as facturas sexan colectivas, presentarase a correspondente certificación da entidade na que conste o nome e relación coa entidade dos usuarios.

3.- CONTIDO DO INFORME

O informe deberá ter polo menos o contido sinalado no artigo 7 da Orde EHA/1434/200 7, do 17 de maio e fará mención expresa a cada un dos puntos sinalados no apartado anterior.

Ademais do anterior, deberá constar no informe un cadro resumen, indicando o orzamento financiable segundo o convenio, o importe imputado polo beneficiario na documentación xustificativa, o importe realmente xustificado considerando os criterios detallados en cada caso, e a cantidade finalmente válida a xuízo do auditor, tendo en conta que non poderá nunca superar ao financiable.

Ademais, explicaranse as diferenzas entre o orzamento acreditado polo beneficiario e o considerado validamente xustificado polo auditor, indicando os motivos destas e o seu importe.

Adicionalmente:

O auditor poderá incluír calquera comentario que ao seu xuízo sexa relevante e engada claridade á análise realizada.